



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

CERTIFICADO DE SECRETARÍA

José M^a Naveira González, Secretario Xeral do Excmo. Concello da Estrada, **CERTIFICO** que, con data de 28 de maio de 2012, e salvo do que resulte da aprobación da correspondente acta, foi adoptado, fóra da orde do día, pola Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

A) Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia relativa á adxudicación do contrato do servizo de asistencia xurídica no Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello da Estrada.

Visto o expediente tramitado, de contratación do servizo de asistencia xurídica no Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello da Estrada

Vista a Memoria xustificativa de 16 de maio de 2012, da Proposta preliminar de adxudicación da mesma data

Visto que dentro de prazo presentaron oferta:

D^a María José Fernández Matías
D^a Irene Aguiar Lale
D^a Elisa Margarita Salinas Vázquez
D^a Natalia Cerviño Requeijo
D^a Rocío Lodeiro Matalobos
D^a María Teresa Rodríguez Calviño
D^a María Teresa Bouzón Neira

Visto que tamén presentaran oferta D^a Mónica Arca Camba e D^a Dolores Cardelle Leis, mais a presentaran fóra do prazo concedido ao efecto, procedendo por tanto a súa inadmisión.

O prazo concedido era de 5 días naturais a contar dende o seguinte ao de aparición do anuncio de licitación no último dos medios nos que había de publicarse (taboleiro de editos, web municipal e 2 xornais dos de maior difusión na bisbarra); caso de que o último día de prazo fora inhábil ou sábado, o prazo quedaba prorrogado ata o seguinte día hábil non sábado. Os últimos anuncios en aparecer foron, ambos os dous o 21 de abril de 2012, os publicados nos xornais Faro de Vigo e La Voz de Galicia.

D^a Mónica Arca Camba presentou oferta o 27 de abril de 2012, polo tanto, fóra de prazo. E, polo tanto, procede a súa inadmisión.

D^a Dolores Cardelle Leis presentou oferta o 27 de abril de 2012, polo tanto, fóra de prazo. E, polo tanto, procede a súa inadmisión.

Vista a documentación administrativa aportada polas licitadoras que presentaron a súa oferta dentro de prazo.

Visto que unha das licitadoras, D^a María Teresa Bouzón Neira, non acreditou suficientemente a súa solvencia técnica, procedendo por tanto a súa inadmisión.

D^a María Teresa Bouzón Neira, non aportou documentación suficiente para acreditar a súa solvencia técnica. Nin foi suficiente a documentación presentada inicialmente, nin a aportada con posterioridade cando foi requirida para subsanar.

En concreto, en relación coa solvencia técnica pedíase, entre outras cousas: “acreditación de formación en temas relacionados co principio de igualdade de oportunidades por cando menos 20 horas. Dita formación deberá ter sido organizada ou recoñecida por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidades Autónomas, Administracións Locais, Universidades, Colexios oficiais ou Escolas de administración pública. Inclúense os organizados por sindicatos no marco do Acordo Nacional de Formación Continua). Deberá presentarse documentación acreditativa da súa duración e superación”

A interesada aportou neste sentido documentación acreditativa da asistencia a varios cursos. Non obstante, soamente dous deles podían considerarse apropiados: xornada sobre mediación familiar [7 horas], e seminario sobre Dereito Matrimonial, co tema “aproximación ao Dereito de Familia: aspectos procesais [10 horas]”.

Totalizando soamente 17 horas, en lugar das 20 horas precisas, requiríuselle para que, no seu caso, aportara documentación adicional.

A interesada presentou escrito no que solicitaba que outros dous dos cursos ou xornadas que superou (e cuxa documentación aportara con anterioridade) haberían de terse en conta a estes efectos. Sen embargo, non aportou outra documentación acreditativa desta circunstancia, máis alá da súa propia declaración de que o “curso de asistencia letrada e quenda de oficio, cunha duración de 14 horas”, é “materia na que se atopa relacionado o principio de igualdade e o principio de defensa”; e asemade, de que as “xornadas divulgativas sobre o Dereito Civil e procesual de Galicia, cunha duración de 12 horas”, é “materia esta -Dereito Civil Galego- na que se xunta o estudo dos principios de igualdade, de oportunidade, de legalidade e de defensa no ámbito autonómico propio”.

Adicionalmente sobre esta cuestión, recabouse Informe da Directora do Centro de Información á Muller de 10 de maio de 2012 que sinalaba que “nas argumentacións utilizadas por D^a María Teresa Bouzón Neira no seu escrito presentado como subsanación de documentación establécese unha relación indirecta e non explícita co principio de igualdade, polo que considero que esta ofertante non reúne suficientemente o requisito de solvencia técnica esixido”.

En conclusión, procede a inadmisión de D^a María Teresa Bouzón Neira.

Vistas as proposicións formuladas polas licitadoras nas que non procede a súa inadmisión.

Visto o Informe da Directora do Centro de Información ás Mulleres de 16 de maio de 2012 de valoración das proposicións.

Vista a puntuación acadada polas licitadoras, do seguinte xeito:

- 1^a.-D^a Rocío Lodeiro Matalobos: 48 puntos
- 2^a.-D^a Irene Aguiar Lale: 47,5 puntos
- 3^a.-D^a María José Fernández Matías: 41 puntos
- 4^a.-D^a Elisa Margarita Salinas Vázquez: 35,85 puntos
- 5^a.-D^a Natalia Cerviño Requeijo: 35,5 puntos
- 6^a.-D^a María Teresa Rodríguez Calviño: 29,42 puntos

Visto que a máis vantaxosa das proposicións formuladas foi a de D^a Rocío Lodeiro Matalobos.

Vista a documentación aportada por D^a Rocío Lodeiro Matalobos e, particularmente, xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1^o, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, e Decreto de delegación de 06-07-11.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada con data 25-05-12.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

PRIMEIRO.- Inadmitir a D^a Mónica Arca Camba por presentar a súa oferta fóra de prazo.

SEGUNDO.- Inadmitir a D^a Dolores Cardelle Leis por presentar a súa oferta fóra de prazo

TERCEIRO.- Inadmitir a D^a María Teresa Bouzón Neira por non acreditar suficientemente a súa solvencia técnica.

CUARTO.- Adxudicar o contrato de servizo de asistencia xurídica no Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello da Estrada por importe de 264 euros mensuais IVE incluído, a D^a Rocio Lodeiro Matalobos (con NIF 52471983J e enderezo na rúa Serafín Pazo 27, 1º C, A Estrada), con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

QUINTO.- Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 8 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

SEXTO.- Notifíquese o presente Acordo ás licitadoras.

E para que así conste, e aos efectos legais oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde; na Estrada 29 de maio de 2012.

Vº e pr.
O ALCALDE,



Asdo. José C. López Campos

O SECRETARIO,



Asdo.: José M^a Naveira González